

	IESMARÍACASARES. Departamento de Xeografía e Historia		<b>1ºESO</b> 2023-2024
	MATERIA PROFESORADO	<b>XEOGRAFÍA E HISTORIA</b> Almudena Rubio de la Fuente	

CONTIDOS	
1ª AVALIACIÓN	1. O planeta Terra
	2. Relevo
	3. Hidrografía
	4. Clima e paisaxes
	5. Natureza e sociedade*
2ª AVALIACIÓN	6. A Prehistoria
	7. Primeiras civilizacións
	8. Grecia
3ª AVALIACIÓN	9. Roma
	10. A península Ibérica na Antigüidade

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN	
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probases escritas/ou orais	70%
Actividades e traballo diario na casa e na aula: traballos, exercicios, participación, caderno (táboa de indicadores)	30%
TOTAL AVALIACIÓN	100%
<b>NOTA MEDIA AVALIACIÓN ORDINARIA XUÑO</b>	
Media aritmética das tres avaliacións	

**Probases/exames escritos** (70% da cualificación global):

- Faranse, como mínimo, 2 probas escritas por avaliación
- No caso de que un alumno/a sexa descuberto copiando nunha proba escrita ou exame, sexa parcial, global ou final, se lle retirará dita proba que será cualificada cun 0.

- No caso de que un alumno/a non se presente a una proba ou exame durante as avaliacións ordinarias sen causa xustificada será cualificado cun 0
- No caso de que un alumno/a solicite facer unha proba ou exame ao que non se presentou, o seu profesor/a poderá demandar xustificación debidamente documentada das causas da súa ausencia; analizada esa xustificación o profesor/a tomará a decisión de repetirlle ou non dita proba

- O/A docente resérvase o dereito a corrixir un exame ou traballo ilexible.

- As probas escritas deben estar identificadas co nome e apelidos. Non se corrixen aquelas probas sin identificar; en caso de ser identificada con posterioridade, pode penalizarse o exame cun punto.

Para cualificar os **traballos, exercicios e caderno** (o 30% da nota da avaliación) teranse en conta: A ortografía (emprego de maiúsculas e minúsculas, uso de signos de acentuación e de puntuación); expresión escrita; emprego de marxes; emprego de bolígrafo azul ou negro; limpeza (ausencia de borróns ou tachóns). A acumulación de faltas neste sentido será penalizado con ata un punto na nota da proba escrita ou do traballo.

O caderno, traballos e exercicios que solicite o profesorado, cualificaranse polo menos unha vez por avaliación. No caso de que un alumno/a falte a clase, aínda que sexa xustificadamente, debe preocuparse de pescudar, preguntando aos seus compañeiros ou ao seu profesor/a, que traballos se fixeron e que materia foi dada para poñerse ao día

A non realización do traballo diario expresado no caderno/arquivador ou a non presentación de ditos caderno/arquivador para a súa avaliación impide superar a avaliación parcial correspondente aínda que as notas obtidas nas probas escritas sexan positivas. Cando o alumno/a presente dito caderno ou os traballos demandados, farase a media coas notas obtidas nas probas escritas, recuperando a avaliación.

#### - **Nota da avaliación parcial**

Será a media ponderada das notas obtidas nos diferentes apartados avaliativos: exames e traballos [nota avaliación = (nota media exames x 0,7) + (nota media exercicios x 0,3)]

Nas avaliacións, as notas con centésimas iguais ou superiores a 0'75 serán redondeadas cara arriba. Por debaixo desa cifra, quedarán co número enteiro inferior.

Por exemplo: 4'75 pasa a ser un 5; 4'70 é un 4.

Para acadar o aprobado é preciso ter un 5 na avaliación e, para aprobalo curso, conseguila mesma nota

#### **Recuperación de avaliacións suspensas:**

As avaliacións suspensas poderán recuperarse nun exame a final de curso. Cada estudante recuperará a/s parte/s suspensa/s. A nota da recuperación será a nota desa avaliación (non se incluírá as notas dos traballos)

**CONTACTOCOPROFESORADO**

A través do servizo de mensaxería de Edixgal e do teléfono do instituto.